

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

ORDE do 29 de xaneiro de 2020 pola que se actualizan con efectos do 1 de xaneiro de 2020 a contía das retribucións do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2020.

A disposición adicional oitava da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, establece que as condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público serán obxecto de adecuación ao previsto no II Acordo Goberno Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, do 9 de marzo (BOE do 26 de marzo de 2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado.

O Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (BOE do 22 de xaneiro) establece que para o ano 2020, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 % respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2019, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Establece, ademais, que se o incremento do produto interior bruto (PIB) a prezos constantes en 2019 alcanzase ou superase o 2,5 % engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2020, outro 1 % de incremento salarial. Para un crecemento inferior ao 2,5 %, o incremento diminuíra proporcionalmente en función da redución que se produza sobre o dito 2,5 %, de maneira que os incrementos globais resultantes serán:

PIB igual a 2,1: 2,20 %.

PIB igual a 2,2: 2,40 %.

PIB igual a 2,3: 2,60 %.

PIB igual a 2,4: 2,80 %.

Este incremento será de aplicación unha vez se aprobe mediante Acordo do Consello de Ministros e se dea traslado ás comunidades autónomas.



Polo tanto, posteriormente, de ser o caso, realizarase a actualización desta orde para a aplicación desde o 1 de xullo de 2020 do dito incremento adicional.

Coa finalidade, pois, de facilitar a confección das nóminas do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, esta consellería dita as seguintes instrucións, que se limitan a aplicar o incremento de retribucións do 2,00 % disposto no antedito Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, segundo o previsto na disposición adicional oitava da Lei 6/2019, do 23 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo único

Apróbanse as seguintes instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2020, para a súa actualización conforme o establecido no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, segundo o previsto na disposición adicional oitava da Lei 6/2019, do 23 de decembro.

Primeira. Contía das retribucións dos altos cargos e das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2020, as contías das retribucións dos altos cargos da Administración da Comunidade Autónoma, dos membros do Consello de Contas de Galicia, dos membros do Consello da Cultura Galega, así como as dos altos cargos do Consello Consultivo de Galicia, aprobadas no artigo 18 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, tendo en conta o establecido no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, e na disposición adicional oitava da Lei 6/2019, son as que se reflicten no anexo I desta orde, sen prexuízo da percepción da retribución por antigüidade e dunha contía equivalente á retribución adicional ao complemento de destino prevista no Acordo do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (Acordo de concertación social) que lles poida corresponder pola súa previa condición de empregados públicos.

2. De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, tendo en conta o establecido no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, e na disposición adicional oitava da Lei 6/2019, as retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior son as que se reflicten no anexo I desta orde.



As retribucións a que se refire o parágrafo anterior imputaranse ao concepto orzamentario 100.00 dentro do programa correspondente.

Segunda. *Contía das retribucións dos/das funcionarios/as públicos/as que desempeñan postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, os/as funcionarios/as públicos/as que desempeñen postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, percibirán as retribucións básicas, o complemento de destino e as pagas extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro nas contías que se detallan nos anexos II e III desta orde.

2. A contía mensual do complemento específico, co importe que se detalla no anexo IV desta orde, incrementárase con efectos do 1 de xaneiro de 2020 nun 2 % respecto da vixente en 31 de decembro de 2019 resultando o importe que se detalla no anexo IV desta orde e percibirase en catorce mensualidades, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro.

3. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, os/as funcionarios/as públicos/as aos/as cales se lles recoñeza a retribución adicional ao complemento de destino previsto no Acordo do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (Acordo de concertación social) percibirán os seguintes importes mensuais:

Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)	Importe mensual
A1	139,75 €
A2	97,80 €
B	104,55 €
C1	94,62 €
C2	80,31 €
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	64,89 €

Este complemento percibirase en 12 mensualidades.

4. As contías das retribucións do persoal docente non universitario establecidas polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 16 e do 23 de xaneiro de 1992, do 27 de xullo



de 2006, do 13 de setembro de 2018 e polo Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, son con efectos do 1 de xaneiro de 2020 as que se reflicten no anexo V desta orde. Así mesmo, mediante o Decreto 120/2002, do 22 de marzo, regúlase a consolidación parcial do complemento específico dos/das directores/as dos centros escolares públicos. A porcentaxe de consolidación relaciónase no citado anexo V.

Terceira. Contía das retribucións do persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde e das institucións sanitarias

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, as retribucións do persoal que desempeñe algún posto de traballo no Servizo Galego de Saúde dos dotados no seu orzamento de gastos para este ano, conforme o anexo de persoal correspondente, así como as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, serán as que se detallan no anexo VII desta orde.

As retribucións do persoal residente en formación rexeranse polo establecido no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, serán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 as que se detallan no anexo VII.

2. Complementos de carreira do persoal estatutario.

a) Os complementos de carreira do persoal estatutario (categoría de licenciados/as sanitarios/as) do Servizo Galego de Saúde, recoñecidos en anos anteriores, en execución do Decreto 155/2005, con efectos do 1 de xaneiro de 2020, incrementaranse no 2 % respecto das contías vixentes en 31 de decembro de 2019.

b) Os complementos de carreira do persoal estatutario (categorías de diplomados/as sanitarios/as) que se perciban no ano 2020, recoñecidos en anos anteriores, en execución da Resolución conxunta do 28 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, con efectos



do 1 de xaneiro de 2020, aboaranse nas contías vixentes en 31 de decembro do ano 2019, incrementadas no 2 %, cos seguintes importes por grao:

Contía mensual por grao: 162,77 euros.

Contía mensual por grao persoal de cota: 161,08 euros.

c) Os complementos de carreira do persoal estatutario (categorías de xestión e sanitario de formación profesional) que se perciban no ano 2020, recoñecidos en anos anteriores, en execución da Resolución conxunta do 25 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, en aplicación do punto catro do artigo 13 da Lei 11/2011, con efectos do 1 de xaneiro de 2020, aboaranse nas contías vixentes en 31 de decembro do ano 2019, incrementadas no 2 %, cos seguintes importes mensuais por grao:

Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)	Importe mensual
A1	209,64 €
A2	146,72 €
C1	94,62 €
C2	80,31 €
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	64,89 €

3. O persoal recollido na Orde do 28 de outubro de 2008, para o acceso á carreira profesional do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e integrado no réxime estatutario polos procesos previstos no Decreto 91/2007, percibirá como complemento de carreira recoñecidos en anos anteriores os seguintes importes con efectos do 1 de xaneiro de 2020:

a) Para o persoal licenciado sanitario, os importes vixentes en 31 de decembro de 2019 por complementos de carreira experimentarán un incremento do 2 %.

b) O persoal diplomado sanitario, percibirá como complemento de carreira no ano 2020 as mesmas contías vixentes en 31 de decembro do ano 2019, incrementadas no 2 %, coa contía de 156,26 euros/mes por grao.



c) O persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional, percibirá como complemento de carreira, as contías vixentes en 31 de decembro do ano 2019, incrementadas no 2 %, cos seguintes importes mensuais por grao:

Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)	Importe mensual
A1	205,74 €
A2	144,12 €
C1	90,72 €
C2	77,27 €
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	62,67 €

4. Os complementos de carreira previstos na Orde do 20 de xullo de 2018 pola que se publica o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Sergas e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo (DOG do 30 de xullo) percibiranse en doce (12) mensualidades, cos seguintes importes con efectos do 1 de xaneiro de 2020:

a) Os complementos de carreira correspondentes á categoría de licenciados/as sanitarios/as, a contía mensual con efectos do 1 de xaneiro de 2020 como consecuencia de novos recoñecementos: 260,44 euros.

b) Os complementos de carreira correspondentes á categoría de diplomados/as sanitarios/as, contía mensual con efectos do 1 de xaneiro de 2020 como consecuencia de novos recoñecementos: 162,77 euros.

c) Os complementos de carreira correspondentes ás categorías de xestión e sanitario de formación profesional terán as seguintes contías mensuais con efectos do 1 de xaneiro de 2020 como consecuencia de novos recoñecementos:

Grupo/subgrupo (RDL 5/2015)	Importe mensual
A1	209,64 €
A2	146,72 €
C1	94,62 €
C2	80,31 €
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	64,89 €



5. O persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario, ao cal lle resulte de aplicación o acordo sobre aspectos retributivos e outras condicións de traballo, publicado mediante a Resolución conxunta do 26 de xaneiro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, percibirá con efectos do 1 de xaneiro de 2020 o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade, modalidade de quendas, conforme o réxime previsto na dita disposición e demais de desenvolvemento, nas contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, cos importes que figuran no anexo VIII.

Así mesmo, o complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade ordinario, correspondente ás categorías sinaladas no punto segundo.3) da devandita disposición, percibirase con efectos do 1 de xaneiro de 2020 nas contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, en función do réxime de quendas concorrente e nos importes sinalados no anexo VIII.

6. O persoal estatutario das unidades e servizos de atención primaria a que fai referencia o artigo 1 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, percibirá con efectos do 1 de xaneiro de 2020 ademais das retribucións recollidas no anexo VII, como complemento de produtividade fixa, os importes correspondentes conforme os factores e criterios recollidos na letra a) do artigo 7 do Decreto 226/1996, do 25 de abril, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, nas contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, cos importes que figuran no anexo X.

Os/as médicos/as de familia, pediatras, odontólogos/as, diplomados/as en enfermaría e fisioterapeutas das unidades e servizos do cadro de persoal que atendan a cota de pacientes adscritos a outros/as profesionais percibirán, con efectos do 1 de xaneiro de 2020, como contía complementaria, os importes polos conceptos retributivos que se recollen no número 2 do artigo 4 do acordo sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades e servizos de atención primaria, publicado na Orde do 4 de xuño de 2008, pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

7. Os/as médicos/as de urxencias hospitalarias percibirán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 como retribucións complementarias, en función dos factores concorrentes no desempeño do posto de traballo, conforme o disposto no artigo 3.2 da Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de



Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se regula a xornada, as retribucións e as condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias deste organismo, e na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o Acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro, do artigo 13, da Lei 11/2011, as contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, os importes que se recollen no anexo XI.

8. As retribucións adicionais dos/das médicos/as dos puntos de atención continuada, conforme o disposto no Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos de atención continuada, publicado na Orde do 4 de xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se publica o Acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en aplicación do punto catro, do artigo 13, da Lei 11/2011, e en aplicación do Acordo do 17 de xullo de 2019, conforme os factores específicos no desempeño dos postos PAC, serán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 as mesmas contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, cos importes que se recollen no anexo XII.

9. As retribucións adicionais do persoal de enfermaría dos puntos de atención continuada, conforme o disposto na normativa recollida no punto anterior, en atención ás características dos postos de traballo de PAC, e en aplicación do Acordo do 17 de xullo de 2019, serán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 as mesmas contías vixentes en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %, cos importes que se recollen no anexo XIII.

10. As retribucións mensuais do persoal estatutario que percibe o seu salario polo sistema de cota incrementárase con efectos do 1 de xaneiro de 2020 no 2 % respecto das contías que se viñan percibindo no mes de decembro do ano 2019. Os premios de antigüidade correspondentes ao persoal de cota e zona rexeranse pola súa normativa específica. Estes premios de antigüidade faranse efectivos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte á data en que se complete o período de tres anos necesarios para o seu perfeccionamento.

11. As pagas extraordinarias do persoal do Servizo Galego de Saúde, así como as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das



unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, terán un importe de soldo e trienios con efectos do 1 de xaneiro de 2020 que se recolle para cada unha das pagas no anexo II desta orde e dunha mensualidade do complemento de destino, coas contías recollidas no anexo III.

12. As retribucións correspondentes ao complemento de atención continuada do persoal do Servizo Galego de Saúde, así como as do resto do persoal ao cal lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987) e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, incrementáranse con efectos do 1 de xaneiro de 2020 no 2 % respecto das vixentes en 31 de decembro de 2019, coas contías que se recollen no anexo XIV.

13. O importe das pagas extraordinarias do persoal pertencente á clase de sanitarios/as locais (APD), o persoal que se retribúe polo sistema de cota e zona, o persoal residente en formación, así como o persoal laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non suxeito ao V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, incorporará unha retribución adicional no importe que resulte de aplicar o 3,62 % das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos, se é o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, distribuída nos meses de xuño e decembro.

14. O importe da paga extraordinaria do persoal non recollido nos puntos anteriores incorporará unha retribución adicional no importe que resulte de aplicar o 3,62 % das súas retribucións anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos, se é o caso, os conceptos derivados de antigüidade e carreira profesional, distribuída nos meses de xuño e decembro.

No caso de que se perciban máis de dúas pagas extraordinarias, a contía adicional resultante, definida no parágrafo anterior, distribuirase entre as ditas pagas, de modo que o importe, en termos anuais, sexa idéntico ao do resto de persoal.

15. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o resto de persoal a que lle resulte de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (transitoriamente Real decreto lei 3/1987), e o Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo das unidades e servizos de atención primaria e normativa complementaria, percibirá adicionalmente nos



meses de xuño e decembro os importes de complemento específico, produtividade fixa e PRD, que se recollen no anexo XV.

O persoal estatutario das unidades e servizos de atención primaria a que fai referencia o artigo 1 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, percibirá, adicionalmente, ademais dos importes recollidos no anexo XV, no mes de xuño, a media mensual de produtividade fixa que perciba entre os meses de xaneiro e xuño, conforme os factores e criterios recollidos na letra a) do artigo 7 do Decreto 226/1996, do 25 de abril, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria; e, no mes de decembro, a media mensual, que perciba entre os meses de xullo e decembro.

Cuarta. Retribucións do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

De acordo co disposto no artigo 24 e na disposición adicional oitava da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, os/as funcionarios/as dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñen as súas funcións no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia percibirán as retribucións previstas no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro.

No anexo XVI recóllense as contías das retribucións establecidas no Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, así como as contías dos complementos recoñecidos en virtude de normativa específica.

Os importes das retribucións do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza que non figuren incluídos no referido anexo, pero que estean recoñecidos expresamente na normativa aplicable, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 un incremento do 2 % respecto das vixentes en 31 de decembro de 2019.

Quinta. Contía das retribucións do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único

1. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único, percibirá o salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VI.

CVE-DOG: i638xaz4-dom7-man4-n8t6-h1rhjofgnf2



O complemento de singularidade corresponderá aos postos en que figure, se é o caso, nas relacións de postos de traballo aprobadas polos respectivos acordos do Consello da Xunta de Galicia.

2. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, o persoal laboral fixo incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único, que fose encadrado no grao I do réxime extraordinario de carreira profesional logo de ter optado de maneira expresa por acollerse ao proceso de funcionarización, segundo o previsto no artigo 6 do Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, aprobado no Consello da Xunta do 28 de marzo de 2019, percibirá, ademais, do salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VI, a retribución adicional prevista no Acordo do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (Acordo de concertación social).

Esta retribución percibirase logo do oportuno recoñecemento, agás os casos en que o dito recoñecemento só teña efectos administrativos, realizado pola Dirección Xeral da Función Pública, e co importe que corresponda segundo o grupo/subgrupo de persoal funcionario en que se estableza a equivalencia do correspondente grupo e categoría do persoal laboral.

Este complemento percibirase en 12 mensualidade e imputarase ao subconcepto 130.43.

3. Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2020, o persoal laboral fixo do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia que non poida acollerse ao proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira segundo o previsto no Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 28 de marzo de 2019, logo do oportuno recoñecemento do dereito á percepción dun complemento equivalente á retribución adicional prevista no Acordo do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (Acordo de concertación social), agás os casos en que o dito recoñecemento só teña efectos administrativos, percibirá, ademais do

CVE-DOG: i638xaz4-dom7-man4-n8t6-h1rhjofgnnf2



salario base, complementos, antigüidade, pagas extraordinarias e contías adicionais nos importes que se detallan no anexo VI, un complemento coas seguintes contías mensuais por grupo:

Grupo	Importe mensual
I. Titulados/as superiores	139,75 €
II. Titulados/as de grao medio	97,80 €
III. Especialistas e encargados/as (categorías 1 a 59)	94,62 €
III. Especialistas e encargados/as (categorías 60 en diante)	94,62 €
IV. Oficiais/las de 2ª administrativos/as e oficiais/las de 2ª	80,31 €
V. Persoal subalterno, de vixilancia e de servizos específicos non titulados	64,89 €

Este complemento denominarase «complemento de carreira persoal laboral non funcionarizado», percibirase en 12 mensualidade e imputarase ao subconcepto 130.43.

Sexta. Outras instrucións

1. As retribucións do persoal contratado administrativo a que se refire a disposición transitoria oitava do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 un incremento do 2 % respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2019.

2. De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, cando non sexan de aplicación as retribucións establecidas no artigo 22 da mencionada lei, estas experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 un incremento do 2 %, respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2019.

3. A contía das retribucións anuais do persoal laboral non incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único e do persoal non recollido nos puntos anteriores, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 un incremento do 2 % respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2019.

4. A contía das retribucións anuais do persoal eventual de gabinete experimentarán con efectos do 1 de xaneiro de 2020 un incremento do 2 % respecto das que viñan percibindo en 31 de decembro de 2019.



5. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta orde entenderanse sempre feitas a retribucións íntegras.

6. A regulación das retribucións dos/das empregados/as do sector público recollida nesta orde ten efectos desde o 1 de xaneiro de 2020 polo que as retribucións percibidas con anterioridade á súa entrada en vigor deberán ser obxecto de regularización para adaptalas ao establecido no Real decreto lei 2/2020 e ao regulado nesta orde.

Os importes correspondentes aos/ás empregados/as do sector público autonómico serán aboados de oficio pola consellería, organismo autónomo ou entidade ao cal lle correspondeu satisfacer as retribucións no período que o/a empregado/a estivo en situación de servizo activo, independentemente de que permanezan na situación de servizo activo no momento actual ou se modifícase a súa situación.

7. Continúan en vigor as restantes instrucións recollidas na Orde do 14 de xaneiro de 2020 que non son obxecto de actualización na presente orde.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

ANEXO I

Retribucións dos altos cargos

a) Administración da Xunta de Galicia:

	Contía mensual soldo	Contía adicional disposición adic. décimo segunda da Lei 6/2002, do 27 de decembro	Contía adicional artigos 12.dous, 15 e 21 da Lei 16/2007, do 26 de decembro
		Xuño/Decembro	Xuño/Decembro
Presidente/a	6.507,49		
Vicepresidente/a e conselleiros/as	5.679,52		
Secretarios/as xerais, directores/as xerais, delegados/as territoriais e asimilados/as	4.622,10	1.233,89	908,61

CVE-DOG: i638xaz4-dom7-man4-n8t6-h1rhjofgnnf2



	Contía mensual soldo
Delegado/a da Xunta de Galicia en Bos Aires	4.979,18
Delegado/a da Xunta de Galicia en Montevideo	4.229,58

b) Consello de Contas de Galicia:

	Contía mensual soldo
Conselleiro/a maior	6.044,05
Conselleiros/as	5.679,52

c) Consello Consultivo de Galicia:

	Contía mensual soldo
Presidente/a	6.044,05
Conselleiros/as	5.679,52

d) Consello da Cultura Galega:

	Contía mensual soldo
Presidente/a	6.044,05

ANEXO II

Funcionarios/as que desempeñan postos de traballos para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Retribucións básicas				
Grupo/subgrupo de clasificación	Contía mensual		Paga extraordinaria mes de xuño e decembro	
	Soldo	Trienio	Soldo	Trienio
A1	1.203,56	46,32	742,70	28,59
A2	1.040,69	37,78	759,00	27,54
B	909,70	33,14	786,25	28,66
C1	781,39	28,59	675,35	24,69
C2	650,33	19,46	644,40	19,27
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	595,22	14,65	595,22	14,65



As pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro aboaranse nunha contía igual á suma dunha mensualidade de soldo e trienios fixada para a paga extraordinaria e complemento de destino mensual, e devindicaranse conforme o disposto no número 4 da instrución terceira da Orde do 14 de xaneiro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2020.

ANEXO III

Funcionarios/as que desempeñan postos de traballo para os cales o Consello da Xunta de Galicia aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Complemento de destino	
Nivel de complemento de destino	Contía mensual
30	1.051,31
29	942,97
28	903,35
27	863,66
26	757,72
25	672,26
24	632,60
23	592,99
22	553,30
21	513,71
20	477,19
19	452,83
18	428,46
17	404,08
16	379,77
15	355,36
14	331,04
13	306,64
12	282,26
11	257,88
10	233,55



Complemento de destino. Agrupacións profesionais (RDL 5/2015)	
Nivel de complemento de destino	Contía mensual
15	370,28
14	344,93
13	319,49
12	294,10
11	268,71
10	243,33

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada neste anexo será modificada nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

ANEXO IV

Complemento específico	
Nivel de complemento de destino	Contía mensual
30	1.630,06
29	1.434,44
28 (A)	1.238,80
28 (B)	1.132,05
27	1.076,75
26	1.021,45
25	912,78
24	825,81
23	749,74
22	673,66
21	611,90
20	550,15
19	524,95
18	499,78
17	492,35



Complemento específico	
Nivel de complemento de destino	Contía mensual
16	484,94
15	474,07
14	463,18
13	452,32
12	441,46
11	430,58
10	419,70

Complemento específico. Agrupacións profesionais (RDL 5/2015)	
Nivel de complemento de destino	Contía mensual
14	477,65
12	455,26
10	432,83

O complemento específico percibirase en catorce mensualidades, das cales doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro.

Os complementos específicos que non teñan a súa contía relacionada neste anexo aboaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2020 nas mesmas contías mensuais que as percibidas en 31 de decembro de 2019, incrementadas no 2 %.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de decembro de 2009, non será de aplicación aos niveis 14, 16 e 20 que teñan un complemento específico superior acadado mediante acordos anteriores, será de aplicación a seguinte táboa:

Nivel de complemento de destino	Contía mensual
20	543,26
16	478,05
14	456,29



ANEXO V

Inspectores/as de educación, profesorado dos centros de ensino básico, bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas.

1º. Grupos de clasificación, niveis de complemento de destino e importes mensuais do compoñente xeral do complemento específico:

	Grupo/ subgrupo	Nivel do complemento de destino	Compoñente xeral do complemento específico euros/mes
Inspectores/as de educación	A1	26	761,15
Catedráticos/as de música e artes escénicas e catedráticos/as de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño	A1	26	700,61
Profesores/as de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de artes plásticas e deseño e de música e artes escénicas	A1	24	646,36
Profesores/as técnicos de formación profesional e mestres de taller de artes plásticas e deseño	A2	24	646,36
Mestres/as	A2	21	646,36

2º. Compoñente singular do complemento específico pola titularidade de órganos unipersoais de goberno e polo desempeño de postos de traballo docentes singulares. Os importes mensuais do dito compoñente son os seguintes:

Un. Desempeño de órganos de goberno unipersoais.

Cargos académicos	Tipo de centros	Centros de educación secundaria, formación profesional e asimiladas euros/mes	Centros de educación infantil, primaria, especial e asimilados euros/mes
Director/a	A	688,97	564,64
	B	593,44	511,12
	C	537,21	369,91
	D	486,33	273,50
Vicedirector/a	A	303,09	
	B	297,22	
	C	214,23	
	D	184,61	
Xefe/a de estudos	A	303,09	196,47
	B	297,22	184,61
	C	214,23	178,69
	D	184,61	131,29



Cargos académicos	Tipo de centros	Centros de educación secundaria, formación profesional e asimiladas euros/mes	Centros de educación infantil, primaria, especial e asimilados euros/mes
Secretario/a	A	303,09	196,47
	B	297,22	184,61
	C	214,23	178,69
	D	184,61	131,29

Dous. Desempeño de postos de traballo docentes singulares.

Posto	Euros/mes
Institutos de educación secundaria e centros públicos integrados:	
– Xefatura de departamento	72,01
– Coordinador/a de formación en centros de traballo	72,01
Centros integrados de formación profesional:	
– Xefatura de departamento	72,01
– Coordinador/a de formación en centros de traballo	72,01
– Coordinador/a de emprendemento	72,01
– Coordinador/a de programas internacionais	72,01
– Coordinador/a de tecnoloxías da información e comunicación	72,01
– Coordinador/a de innovación e formación do profesorado	72,01
– Coordinador/a de biblioteca de centro integrado	72,01
– Coordinador/a de residencia	72,01
Centros de educación infantil e primaria e centros de primaria:	
– Xefatura de departamento de orientación	72,01
Escolas oficiais de idiomas, escolas de artes aplicadas e conservatorios de música e danza:	
– Xefatura de departamento	72,01
Centros residenciais docentes:	
– Xefatura de residencias	303,09
– Director/a de residencias	72,01
– Responsable de menos de 3 unidades en centros de educación infantil e primaria	72,01
– Membros dos equipos de orientación específicos	303,09
CAFI e Cefores:	
– Dirección	593,44
– Asesor/a	303,09
– Asesor/a técnico/a docente	303,09



Posto	Euros/mes
– Profesor/a de colexios rurais agrupados	72,01
– Profesorado que imparte docencia en centros específicos de ensinanzas de adultos	72,01
– Coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega	72,01
